

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2019/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	25 de xaneiro de 2019
Duración	Desde as 20:05 ata as 22:00 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SI
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	NON
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SI
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SI
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SI
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SI
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SI
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SI
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SI

Concello de Cangas

76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SI
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SI
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SI
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SI
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SI
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SI
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SI
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SI
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SI
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SI
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SI
<p>Escusas de asistencia presentadas:</p> <p>1. ALFREDO IGLESIAS SANTOS: «Asunto familiar»</p> <p>1. DOLORES GALLEGO SANTOS: «Asunto Familiar»</p>		

Unha vez verificada polo Secretario a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior de data 28-12-2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Pleno da Corporación de Cangas aproba por unanimidade a acta do 28 de decembro de 2018 coa seguinte precisión:

O **Sr. Tomas Hermelo**, sinala que na quenda de intervencións no expediente nº 5803/2018, correspondente á acta de 30 de novembro de 2018, falta o seguinte: "na beirarrúa da rúa David Cal".

Expediente 856/2018. Delegación Xunta de Galicia competencias en convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía, do día 15.01.2018, relativa aos procesos selectivos do corpo de policía local e prazas de auxiliares de policía local, que é como segue:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dado que se considera conveniente para o Concello delegar na Xunta de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de conformidade co previsto no artigo 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

Recibido o convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das sinaladas competencias.

Visto que en virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asumirá durante o período de vixencia do convenio a convocatoria e desenvolvemento de tódolos procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo Concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local, a favor da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- A delegación comprende as facultades recollidas na cláusula terceira do Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma asumirá durante o período da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais.

Concello de Cangas

TERCEIRO.- Trasladar certificación do presente acordo á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o seu coñecemento e efectos, en especial, para a súa aceptación, e para a subscrición do Convenio regulador das delegacións acordadas.

CUARTO. Aceptada a delegación, publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial da Comunidade Autónoma para o seu xeral coñecemento.

QUINTO. Facultar á Alcaldía para a firma de tanta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo”.

DELIBERACIÓNS:

O **Sr. Alcalde:** expón a proposta de acordo.

O **Sr. Millán Blanco:** sinala que non entende o atraso na presentación do acordo ditaminado fai máis dun ano e expón as dúbidas que ten o seu partido en canto a prazas a cubrir e os prazos nos que se atendería a cubrir as devanditas prazas.

O **Sr. Alcalde:** expón que o atraso viu derivado das posturas diverxentes existentes na Xunta de Persoal e expón o número de prazas que se pretenden solicitar dependendo das posibilidades legais existentes.

O **Sr. Gestido Porto:** inquire sobre como se atendería a prestar o servizo tendo en conta o lapso temporal entre xubilacións e incorporacións.

O **Sr. Alcalde:** expón que mediante auxiliares e modificacións horarias e se fose necesario os apoios puntuais da Garda Civil.

O **Sr. Millán Blanco:** expón que o Concello podería atoparse nunha situación comprometida se os policías seleccionados pola Xunta non escollesen como destino Cangas e tamén manifesta a preocupación do partido por non poder cubrir as prazas de auxiliares de xeito rápido.

O **Sr. Alcalde:** expón que o procedemento é similar ao de Mestres e cree que Cangas é destino importante e apetecible para os aprobados.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes de ACE, 4 do BNG, 3 de ASPUN)

En contra: 0

Concello de Cangas

Abstencións: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 4636/2018. Modificación IBI

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.01.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta do concelleiro de facenda, do día 16.01.2019, relativa á modificación da ordenanza fiscal do IBI, que é como segue:

“Vistas as alegacións presentadas no expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI recollidas no certificado de alegacións presentadas de data 27 de decembro de 2018.

Vistos os informes que constan no expediente, o concelleiro asinante propón a adopción do seguinte ACORDO PLENARIO:

PRIMEIRO.- Estimar as alegacións presentadas dada a inobservancia de procedemento algún previo á adopción do acordo de modificación inicial da ordenanza obxecto de referencia deixando sen efecto o acordo adoptado.

SEGUNDO.- Notificar este Acordo a todas aquelas persoas que presentaran alegacións durante o período de información pública”.

DELIBERACIÓN:

O **Sr. Abalo Costa:** expón a proposta.

O **Sr. Millán Blanco:** sinala que a existencia de informe de Secretaría ven derivado da presentación de alegacións e que acudir ao incumprimento do plan de axuste para estimar a alegación presentada non resulta correcto dado o incremento de ingresos respecto aos previstos no propio Plan. A cuestión de non baixar o IBI ven determinada para atender o excesivo gasto corrente efectuado, sendo en definitiva unha alegación vencellada a vontade política.

O **Sr. Abalo Costa:** expón que para a adopción de acordos é preciso atender os procedementos legais establecidos e lembra unha proposta do ano 2014 do PP de aplicación do 0,55 como tipo

Concello de Cangas

impositivo.

O **Sr. Gestido Porto:** expón que lle gustaría coñecer a opinión dos restantes membros do Goberno e non entende por que están en contra da baixada.

O **Sr. Millán Blanco:** expón que agora preocúpase da legalidade cando están constantemente levantando reparos e recórdalle ao Sr. Abalo Costa que a proposta sinalada é de baixada do tipo de gravame. Lembra que a aplicación do plan de axuste procede dunha débeda de 17 millóns de euros xerada entre os anos 2008 e 2010 e non entende como os partidos de esquerdas están a favor do incremento de impostos.

O **Sr. Alcalde:** expón que a baixada proposta ten como antecedente unha subida o 0,60 do Goberno central do PP e que recoñecendo a débeda existente nos anos 2008-2010 recorda que agora se está a afrontar o plan e pagando amortizacións. Lembra que non avoga pola eliminación de impostos senón que considera que estes deben ser progresivos.

O **Sr. Hermelo Álvarez:** expón que dado que o Sr. Gestido Porto solicita a súa opinión expón que sempre seguen o seu criterio sen caer en *seguidismos*.

O **Sr. Sotelo Villar:** expón que o que o PP non pode permitir é que se escuse na ausencia do Alcalde a inexistencia de maiorías ou a adopción de acordos.

A **Sra. Giraldez Santos:** sinala que nese pleno se aproveitaron da ausencia dun concelleiro para modificar a proposta e adoptar o acordo.

O **Sr. Abalo Costa:** expón que en todo caso existen irregularidades xurídicas que xustifican a estimación.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes de ACE, 4 do BNG, 3 de ASPUN)

En contra: 0

Abstencións: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 49/2019. Recoñecemento extraxudicial de créditos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8, Abstenciones: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.01.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía, do día 16.01.2019, relativa ao recoñecemento extraxudicial de créditos, que é como segue:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 1/2019 DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens por parte dos terceiros e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto. Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...” Visto o informe do Interventor municipal, coa correspondente nota de reparo. Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (R.d. Lex. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito. En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2019, de recoñecemento extraxudicial dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no anexo adxunto, ascendendo a un total de 647.796,46 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento”.

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Abalo Costa: expón a moción.

O Sr. Millán Blanco: sinala que con este recoñecemento extraxudicial estamos ante uns importes moi altos que acaparan o 21 por cento das inversións previstas para o ano 2019 e que supoñen un recoñecemento de máis de 400 mil euros en gasto corrente para este ano. Son gastos polo tanto carentes de partida orzamentaria no 2018 e que limitan o gasto para o exercicio 2019.

O Sr. Abalo Costa: sinala que o PP recolle un alarmismo innecesario nas súas intervencións e que temos que ter en conta que entre estes gastos atopamos partidas como material de obra, suministros... e considera que o Goberno que asuma as responsabilidades a partires de mediados de ano atopará unha boa situación.

O Sr. Gestido Porto: sinala que tamén habería que explicar que é un recoñecemento

Concello de Cangas

extraxudicial.

O Sr. Millán Blanco: sinala que o gasto corrente é un gasto necesario pero non entende como prestando os mesmos servizos que fai 3 anos o gasto ascendeu en 2 millóns de euros e recorda que na alegación dos orzamentos realizada polo PP xa se sinalaba a insuficiencia da partida de enerxía eléctrica.

O Sr. Hemelo Álvarez: expón que algún deses gastos obxecto de recoñecemento son de servizos novos non asumidos pola Xunta que é quen ten competencia.

O Sr. Abalo Costa: sinala que moitas destas obrigas derivan de gastos novos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes de ACE, 4 do BNG e 3 de ASPUN)

En contra: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 299/2019. Moción PP plans de calidade ambiental

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame emitido favorablemente pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.01.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do grupo municipal Partido Popular, rexistrada o día 15.01.2019, relativa aos Plans de calidade ambiental, que é como segue:

“Nos medios de comunicación de hoxe 12 de xaneiro, nun informe recente da Axencia Europea de Medio Ambiente faise referencia a que "40 Concellos se suman a la alianza europea contra el cambio climático". "Bueu , Arbo y Sanxenxo , únicos de Pontevedra que quieren incorporarse . Se comprometen a reducir las emisiones contaminantes”.

Un informe recente da Axencia Europea de Medio Ambiente sitúa o noroeste peninsular como unha das zonas europeas nas que serán mais acentuadas as consecuencias do quencemento global do planeta. Dito documento sostén que a medio prazo (50-70 anos) o sur do continente será o mais prexudicado polo ascenso das temperaturas, o desxeo ártico e a subida do mar.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Calcúlase que na costa galega o mar subirá 2,2 mm. cada ano. A temperatura suponse teña un incremento de 3,6° e a pluviometría no verán decrecerá un 29%. Si se manteñen estes datos as consecuencias que se poden deducir son graves para sectores como a agricultura, a gandería ou o marisqueo, pero tamén para as infraestruturas e para as propias persoas polo risco de inundacións e incendios.

Aínda que sabemos que desde os Concellos pouco se pode facer, pero moitas pequenas medidas ao final tamén suman. Por elo, aínda que sexa unha década despois da posta en marcha pola Unión Europea do ‘Pacto de los Alcaldes para el clima y la energía’, desde o PP de Cangas consideramos que xestos que comprometan a redución do impacto ambiental como pode ser a substitución do alumado pouco eficiente, o uso de vehículos públicos que emitan menos CO2 ou o emprego nas instalacións municipais de enerxía solar para quentar auga poden ter consecuencias favorables para minorar o posible impacto do cambio climático.

Os Concellos adheridos a este Pacto, na actualidade 7.755 municipios de 53 países, (de España 1.826 e de Galicia ata o momento só 23 estando 16 mais en vías de incorporación) comprométense a reducir para o ano 2030, un 27% o consumo enerxético e un 40% as emisións de CO2, e a incrementar un 27% a utilización de enerxías renovables. Para cumprimentar os requisitos a Consellería de M. Ambiente activou unha oficina técnica que pretende asesorar e apoiar os Concellos implicados na loita contra o cambio climático.

Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- O Pleno do Concello de Cangas acorda solicitar a inclusión de Cangas no ‘Pacto de Alcaldías para el clima y la energía’.”

DELIBERACIÓNS:

A Sra. Castro Paredes: expón que apoiará a moción pero para a inclusión no devandito pacto e preciso un proxecto elaborado e aprobado plenariamente.

O Sr. Hermelo Álvarez: expón que se recolla como Pacto das Alcaldías e que se trata dunha materia de carácter transversal.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 304/2019. Moción PP valoración rede iluminación pública exterior

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizado o día 21.01.2019.

Así mesmo a Presidencia da conta da moción do grupo popular Partido Popular de Cangas, rexistrada o día 16.01.2019, relativa á valoración da rede de iluminación pública exterior, que é como segue:

“MOCIÓN

Exposición de motivos:

En base á pasada anulación da adxudicación do contrato de instalación e mantemento do alumeado exterior do Concello de Cangas, e sendo conscientes, de que dende a citada anulación ata a data, non serán realizadas as actuacións en que consiste este contrato, xa que será necesaria unha nova adxudicación. Tendo en conta que se vai prorrogar o presuposto do ano 2018, no que non se contempla ningunha partida específica para este gasto. Consideramos que o orzamento de gasto non contempla crédito para as partidas que si van ser empregadas durante este período de tempo.

Coñecendo as moitas solicitudes de substitución de luminarias que non están funcionando, de novos puntos de alumeado, e arranxos por vandalismo e outras causas da rede de alumeado exterior no seu conxunto.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1ª.- O Pleno da corporación de Cangas solicita ao Goberno municipal que se leve a cabo unha valoración da rede de alumeado exterior, cambiando as luminarias por un modelo eficiente enerxeticamente e proceder ao arranxo e mellora dos puntos en estado defectuoso.

2ª.- O Pleno da corporación de Cangas solicita ao Goberno municipal que se dote economicamente esta partida en base a unha modificación ou transferencia de crédito no presuposto que se vai a prorrogar no ano 2019”.

DELIBERACIÓNS:

- O **Sr. Abalo Costa:** expón que ese traballo atópase valorado e que acudir a un expediente de modificación orzamentaria sen coñecer os números resulta precipitado.

- O **Sr. Alcalde:** expón que aínda se está a tempo de aprobar o orzamento 2019.

- A **Sra. Giráldez Santos:** sinala que existe esa valoración e se pretende recoller nos orzamentos 2019.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

En contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes de ACE, 4 do BNG e 3 de ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 310/2019. Moción grupo de goberno para apoio ao Comedor Social de Cangas

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 21.01.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción de varios grupos municipais do Concello de Cangas, do día 15.01.2019, relativa ao apoio ao comedor social de Cangas, que é como segue:

“Moción de Apoio ao Comedor Social de Cangas

Os e as abaixo asinantes, en representación dos distintos grupos da corporación municipal do Concello de Cangas presentamos ao pleno a seguinte moción de Apoio ao Comedor Social de Cangas.

Exposición de motivos:

Cangas e a comarca do Morrazo contan con un único Comedor Social, rexentado pola Asociación de Caridade Santiago Apóstolo ó longo de 10 anos. Dito comedor localízase en Cangas nun baixo alugado.

En decembro de 2018 foi pública a saída a poxa por débedas bancadas da persoa propietaria do inmoble no que se prestan os servizos de comedor diariamente. Dita poxa non foi notificada a Asociación que presta o servizo de comedor.

O día 14 de xaneiro de 2019, coñecemos de man da presidenta da asociación que dito baixo foi vendido a un fondo inmobiliario de capital estranxeiro, que non coñece nin sabe que unha das propiedades mercadas está sendo ocupada por unha asociación que presta un servizo básico na

comarca do Morrazo, xa que da de comer diariamente a mais de 100 familias de tres concellos.

Por este motivo é necesario a implicación de tódalas partes, para garantir a continuidade do comedor social

Acordos:

- O pleno da corporación insta ao Goberno Municipal a acadar un acordo (cesión, aluguer, aluguer con opción a compra, compra,...) co fondo propietario do baixo onde a día de hoxe presta os servizos o comedor social, para garantir a súa continuidade no tempo.*
- O pleno da corporación insta a crear unha mesa con presenza de todas as partes, política, responsables do comedor social e propietarios do baixo, para coñecer o estado legal actual no que se atopa este e ver as solucións posibles.*
- O pleno da corporación solicita unha xuntanza coa Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia, para acadar financiamento para garantir a continuidade do comedor social.*
- Dar traslado ás Alcaldías de Bueu e Moaña, solicitando o apoio a esta moción.*
- Dar traslado á Presidencia da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, así como a todos os grupos con representación en ditos órganos deste acordo”.*

DELIBERACIÓNS:

- O **Sr. Hermelo Álvarez:** expón que se trata dunha moción consensuada por tódolos grupos políticos integrantes da corporación.

- O **Sr. Sotelo Villar:** expón que é unha cuestión que incumbe a tódolos partidos e que se deberá contar co apoio das diferentes institucións.

- A **Sra. Giraldez Santos:** fai constar que é triste que o Estado deixe na solidariedade da xente institucións coma a presente

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de Conta Resolucións Alcaldía 22 de decembro a 18 de xaneiro 2019

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta Acordo XGL POS Liña 3-Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

“O Concello Pleno queda informado do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de xaneiro de 2019, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial (Plan Concellos 2019) Liña 3-Emprego, para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, na que se adoptou o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 10.01.2019, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan concellos 2019) Liña 3-emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019) LIÑA 3- EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Publicadas no BOP nº de data do 18.12.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan concellos 2019, liña 2 e 3 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva do dito plan á liña ascende a douscentos cincuenta e cinco mil corenta euros con corenta e oito céntimos (255.040,48 €).

Vista a memoria para o a Liña 3-Emprego para conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, que ten en conta, priorizar as necesidades municipais e a non discriminación salarial, polo que a valoración económica do custo total do servizo, elabórase ao abeiro do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas, publicado no BOP do 11.02.1992 e a Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o 2017.

Visto que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este plan que se solicita.

Concello de Cangas

Visto que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva do PLAN DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA 2019, para a contratación de 31 persoas, polo importe total de trescentos oitenta e catro mil oitocentos dezaioito euros con sesenta e catro céntimos (384.818,64 €), facendo constar que o Concello con fondos propios asumirá a contía subvencionada e que ascende a cento vinte e nove mil setecentos setenta e oito euros con dezaseis céntimos (129.778,16 €).

Importe total servizos	Importe aportación Municipal	Importe subvencións
384.818,64	129.778,16	255.040,48

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 3-Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais, polo importe de douscentos cincuenta e cinco mil corenta euros con corenta e oito céntimos (255.040,48 €), para a contratación de 31 persoas polo período de SEIS MESES de conformidade co seguinte:

Denominación Servizo	N.º traballador/a servizo	Importe traballador Importe total servizo	Importe solicitado 66,2755%
Auxiliar Administrativo	3	13.268,08 39.804,24	26.380,46
Conductor	1	13.826,49	9.163,58
Peón emerxencias	2	12.094,92	16.031,94
Conserxe instalación deportivas	1	12.373,90	8.200,86
Peóns albanéis	4	12.366,55 49.466,20	24.584,99
Peóns xardineiros	3	12.366,55 37.099,66	24.587,99
Peóns agrícolas	9	12.366,55 111.298,95	73.763,93

Concello de Cangas

<i>Peóns varredores</i>	8	12.094,92	64.127,75
		96.759,36	
<i>Total</i>	31	384.818,64	255.040,48

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para este Plan de conservación de bens e servizos non solicitou, nin recibiu, ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Dar conta de este acordo ao Pleno do Concello e traslado á intervención municipal”.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

1.- O **Sr. Sotelo Villar:** sinala que xa no Pleno pasado se solicitara a documentación sobre o paso de Peóns.

O **Sr. Alcalde:** sinala que dará a orde pertinente ao departamento correspondente (tráfico) para que se lle entregue.

2.- O **Sr. Sotelo Villar:** pregunta pola empresa á que se lle outorgou as obras do paso de Peóns.

O **Sr. Alcalde:** sinala que son dúas empresas diferentes, xa que unha fixo a obra e outra a colocación dos semáforos.

3.- O **Sr. Sotelo Villar:** expón que nese caso poderíamos estar a evitar os límites do contrato menor e pregunta como é posible que estean a realizar o traballo persoas de empresa distinta á que factura para o Concello.

O **Sr. Alcalde:** sinala que pode ser consecuencia dunha subcontratación.

4.- O **Sr. Sotelo Villar:** pregunta canto custou ese paso de peóns.

O **Sr. Alcalde:** sinala que se lle dará toda a información precisa.

5.- O **Sr. Sotelo Villar:** pregunta sobre o momento de aplicación da modificación do IBI de acordar o rechazo da moción.

O **Secretario:** expón que para o 1 de xaneiro de 2020.

6.- O **Sr. Soliño Costas:** pregunta se as obras da rúa Méndez Núñez están rematadas dado o mal estado no que se atopa a obra e considera que iso non se pode recibir así.

O Sr. Alcalde: sinala que quedan determinadas actuacións por realizar e que se actuará de conformidade co disposto nos informes técnicos.

7.- **O Sr. Soliño Costas:** pregunta cando e porqué desapareceu o servizo de ludoteca e se se devolveron as cantidades aos pais e nais.

O Sr. García Bastón: sinala que o servizo rematou en novembro e que se volverá a prestar en outubro do 2019 e instouse a recollida de cartos.

8- **A Sra. Cordeiro Magdaleno:** pon en coñecemento a existencia dun afundimento na rúa que dá á Casa de Oficios.

O Sr. Alcalde: expón que a devandita rúa ten carácter privado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE